

PLENO DE 18 DE ABRIL DE 2016

4º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A DEROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA UTILIZACIÓN E TARIFAS DO VERTEDOIRO DE CASCALLOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN DO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Á vista do disposto nos apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira; os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais; e o artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

Visto a Ordenanza reguladora da Utilización e tarifas do vertedoiro de cascallos de construción e demolición de Xove, aprobada por acordo plenario de 9 de maio de 2002.

Visto que unha vez rematada a vida útil pola colmatación da súa capacidade do vertedoiro controlado para residuos inertes do Concello de Xove procedeuse pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI a executar as obras de adecuación e clausura do mesmo.

Previa emisión dos correspondentes informes de Secretaría e Intervención, de ser estes favorables, ditamínesse pola Comisión Informativa de Contas e elévese posteriormente a Pleno a seguinte PROPOSTA:

ÚNICA.- Derrogación da Ordenanza reguladora da Utilización e tarifas do vertedoiro de cascallos de construción e demolición de Xove.

Por Secretaría dáse conta igualmente do dictame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas, con data de 12 de abril de 2016 obrante no expediente.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aprobar inicialmente derrogación da Ordenanza Reguladora da Utilización e Tarifas do Vertedoiro de Cascallos de Construción e Demolición do Concello de Xove, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 1 mes, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios,

sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e /ou reclamacións no devandito trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.